



Moción para a modernización e o aforro na Administración Municipal de Vilaboa.

Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 30/12/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evolución da sociedade da información está desencadeando grandes transformacións nas relacións entre a cidadanía e as administracións públicas, e neste contexto o Concello, como administración máis próxima, debe xogar un papel fundamental para impulsar iniciativas que fomenten o uso das novas canles de comunicación entre o cidadán e a administración, así como no seu funcionamento interno, para así tamén avanzar no desenvolvemento económico e medioambiental sostible e no aforro de recursos, tanto económicos como humanos.

En relación con este asunto foi aprobada a Lei 11/2007 do 22 de xuño de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos, sendo o obxectivo fundamental desta lei acercar a administración á cidadanía e facela máis transparente. O Concello de Vilaboa debe adaptarse e cumprir con esa lei, xa que a demanda que existe entre os nosos veciños e veciñas relativa á calidade dos servizos públicos prestados, debe corresponder coa mellora da xestión administrativa e dos servizos que actualmente presta a web do Concello (www.vilaboa.org).

Neste sentido, o Ministerio de Industria e Turismo ven pondo en marcha desde fai uns anos o Plan Avanza, o cal, a través de axudas e subvencións, ten como obxectivo modernizar as Entidades Locais utilizando as tecnoloxías da información, destinados a simplificar procedementos, a mellorar os Servizos de Atención ao cidadán e en xeral a acercar a Sociedade da Información ao cidadán na súa vida cotiá.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. Crear unha conta de correo electrónico para cada membro da corporación municipal co dominio *vilaboa.org*.

Segundo. Remitir ás contas dos membros da corporación municipal as actas dos Plenos, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, os decretos de alcaldía e as convocatorias.

Terceiro. O Concello de Vilaboa publicará na súa páxina web as actas dos Plenos e Xuntas de Goberno, así como as ordes do día dos Plenos, os regulamentos, as ordenanzas, os bandos do concello e as retribucións dos cargos públicos.

Cuarto. Iniciar a implantación da administración electrónica no concello de Vilaboa adaptándonos á Lei 11/2007 do 22 de xuño de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos e tendo en conta o Plan Avanza.

Vilaboa, 23 de decembro de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA